
AS SÍLABAS DO MUNDO

Textos de LUÍS REI NÚÑEZ

Ilustracións de ÁLVARO DE LA VEGA

Encadernación rústica, sobrecuberta. 14,5 x 21 cm. 136 páx. 15 €

ISBN 978-84-16721-26-9. Poesía. Tambo. Faktoría K de Libros.

*O vento dos anos baila na frouma
das árbores dos primeiros parques.
Desde a incerteza do río da vida
volve o sangue a un corazón sen antes.*

*Era setembro apurado no ventre
dunha muller de lúas e ledicias
trenzadas coa fe que engana o nada
(a grilanda da estirpe das fatigas)...*

[Fragmento do poema «1958»]


«As sílabas do mundo» é unha aposta militantemente figurativa de Luís Rei Núñez que, despois de «Estrela do norte» sae ao encontro das lectoras e dos lectores coa ambición -ese “imposible viable”- de ofrecerlles un espello onde tamén quede reflectida a súa alma. É unha poesía que rende a obediencia debida aos sentimentos, que constata a simetría entre a celebración e o laio, e que emparella clasicismo e modernidade.

Faino revivindo días que nacen e morren e que, ao pasar, xeran un latexo que regresa para alimentar, na resurrección menor de cada amencer, o noso corazón. Grazas a iso permanecen en nós grandes bosques, calor humana e longas mareas; e acendidas e xélicas reminiscencias; e seres humanos exactísimos e vagos... Á Ítaca, en definitiva, da memoria.

Así, mentres dan conta dun navegar polo tempo, os poemas deste libro -máis unha vez e como sempre desde que os bardos tanxían cítaras- son o humilde froito dun asombro xigantesco. Por seren nomeadamente tentativas na busca, e asemade na fuxida, dunha paz que ignoramos.

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** poesía.

■ **Aspectos destacables:** outros títulos da colección Tambo: «[Os ángulos da brasa](#)» (Premio Ánxel Casal de Poesía 2012, Premio da Crítica Española 2012, Premio de Poesía da AELG 2012 e Premio Nacional de Poesía 2013), «[Onde nunca é mañá](#)», «[Rigorosamente humano](#)» e «[Clave de bóveda](#)» de Manuel Álvarez Torneiro; «[Alén da fronteira. Sete poetas vascos](#)» (Premio Lois Tobío de Tradución 2012); «[Tríptico](#)» de Antoni Marí; «[Espiral de sombras](#)» de Xavier Seoane; «[Estrela do norte](#)» de Luís Rei Núñez; «[Tempo de exilio](#)» de Joseba Sarrionandia (I Premio Etxepare-Laboral Kutxa de Tradución 2015); «[Diario de Crosses Green](#)» e «[A ganancia e a perda](#)» de Martín Veiga; «[Tempo transfigurado](#)» de Cesáreo Sánchez Iglesias; «[Cervatos](#)» de Lucía Novas; «[Feliz idade](#)» de Olga Novo (Premio Nacional de Poesía 2020, Premio da Crítica Española 2019, Premio da Crítica de Galicia 2020, Premio Gala do Libro Galego 2020).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/as-silabas-do-mundo-g>

Luís Rei Núñez

(A Coruña, 1958)

Presente na escena literaria galega durante catro décadas, a súa obra poética inclúe os títulos «A rolda invisible» (1988), «A casa na brétema» (1994), «Alma mareira» (2003) e «Estrela do norte» (KALANDRAKA, 2014). Tamén é autor das novelas «Expediente Artieda» (2000), «Toda a vida» (2005), «O señor Lúgrís e a negra sombra» (2007), «Monte Louro» (2009) e «O encargo do señor Castela» (2016). Outros libros seus son o dobre percorrido pola Costa da Morte «Imán Fisterra» (1995) e «Cita en Fisterra» (2011), o volume de entrevistas «Oficio de escribir» (1990) e a colección de ensaios «Poetas Andantes Navegantes» (1995). En 2019 publicou a biografía «Rafael Dieste. O libre pensamento». Foi recoñecido con premios como o Xerais, o Blanco Amor ou o da Crítica Española.